



LAURA MARÍN

ESTUDANTE

"Atopei a cor perfecta para ese baleiro sentimental na música iugoslava, e decidín loitar por iso".

"De todas as cousas negativas ou desagradables que recordo da miña infancia, nacer e vivir nun divorcio non foi unha delas".

O concepto divorcio é tan amplo como o de familia. A primeira vez que recordo ver aos meus pais xuntos tiña once anos e nunca vin isto como algo negativo, vivir dunha casa a outra constantemente, ou pasar moito tempo cos meus avós, foi algo completamente positivo para min. A día de hoxe considero o divorcio como un éxito; o único fracaso nestes casos desde o meu punto de vista é manter unha relación tóxica con nenos de por medio. A plenitude mental ou o benestar físico non depende de estar casado ou divorciado. De todas as cousas negativas ou desagradables que recordo da miña infancia, nacer e vivir nun divorcio non foi unha delas.

De todas formas, admito que medrei cun gran baleiro no meu interior. Meus pais seguiron a súa vida de xeito independente e nunca sentín que tivera unha familia á que poder chamar miña. Ese limbo da liña de sangue, o cariño, o aprecio, a familia, e todo o que iso supón, obrigoume desde moi cedo a adaptarme a todo tipo de xente e situacións.

Cando cheguei á adolescencia, atopar un lugar ao que poder chamar “fogar” era complicado, onde podía ser realmente eu? Comportarme para min, facer para min e non para un grupo de xente ao que estarlle agradecida por acollerme non era doado, así que atopei o meu fogar na música balcánica, na praia do Orzán, nas gatiñas da miña aldea e nas bibliotecas municipais.

O comportamento de meus pais e como xurdiron as cousas até hoxe son a clave de todo. Meus pais conviviron xuntos

até que tiveron tres anos, despois de mais dunha década de matrimonio e outros tantos anos de mozos. Os dous tiveron infancias complicadas e casaron para fuxir. As miñas primeiras lembranzas son negativas e abafantes, lembro sentirme mal ao estar cos meus pais (os dous, por separado) e atopar moita paz nos meus avós paternos e na miña avoa materna. O alcohol, as drogas, a violencia psicolóxica e a manipulación estaban moi presentes na miña vida, polo que tomei moita determinación acerca do meu futuro.

Na adolescencia estes sentimentos de soidade continuaron medrando, e con eles, unha dor e sensación de abandono que me deixaba sen enerxía. Cada día parecía un campo de batalla. Sentíame atrapada nos conflitos de anos atrás e tiña que aprender a nadar. Atopei o apoio necesario nas miñas amizades, que seguen a ser un pilar fundamental na miña rutina. Desenvolvín á forza aptitudes sociais cando era unha nena e estou orgullosa de telas. As amizades son o verdadeiro motor do meu día a día, unha realidade que salvou a miña vida.

Pensei que superaría as dificultades da miña infancia con facilidade unha vez que me independizara, até que namorei. Como un imán e unha moeda, repetín lixeiramente a historia de meus pais e namorei dun rapaz cunha infancia complicada, e convertémonos na táboa de salvación un do outro. Este concepto pode parecer moi romántico e positivo, mais foi o cóctel perfecto para que florecera unha relación tóxica chea de distintos tipos de violencia. Intentamos, inconscientemente, encher os ocos un do outro. Eu por fin

tiña unha familia coa que sentarme a comer e compartir plans, e el por fin tiña a alguén na súa vida que o escoitase activamente e lle dera a motivación e atención necesaria para cumprir cos retos diarios.

Síntome orgullosa de min mesma porque hai dous meses que rematei esa relación. Caín durmida nese océano e cando espertei, dinme conta do moito que me perdera o respecto a min mesma. Se xa vivimos nunha sociedade que romantiza o amor tóxico, medrar nun círculo familiar violento faino inda peor. A violencia sexual é probablemente a máis dolorosa. A ignorancia, a vergoña, a vulnerabilidade e o descoñecemento son os seus mellores aliados. De feito, non fun consciente até a adolescencia do que me sucedera de forma consciente, e isto aconteceu grazas á unha entrevista da *youtuber* Yaiza Sanz onde explicaba unhas vivencias moi semellantes ás miñas.

Intentar sandar esas feridas pode ser realmente complicado, porque non vivimos nunha sociedade adaptada ou preparada para axudar á vítima. Existe un baleiro sentimental inevitable en cada neno e nena que medramos nunha familia des-estruturada. Ese baleiro pode ser realmente abafante, e ás veces, a dor é tan intensa que fai do teu corpo un peso imposible de cargar. Outras, é un sentimento de indiferenza absoluta ante o mundo exterior, que che leva a afastarte inda máis do teu propio mundo.

Nese baleiro, despois de moita lectura, traballo emocional e tamén espiritual, entendín que se non aprendes a controlar

a mente ela pode controlarte a ti. Recórdome a min mesma sempre moi curiosa, e ese afán e satisfacción en todo o novo que atopaba facíanme inmensamente feliz. Quería pintar o branco da miña mente con todas as cores do mundo.

E atopei a cor perfecta para ese baleiro sentimental na música iugoslava, e decidín loitar por iso. Non foi fácil nin o é, máis a sensación que atopo é indescribible. Se puidera volver ao pasado, convenceríame a min mesma de que todo é posible con esforzo e disciplina. A única fronteira é o ceo.